DATOS IDENTIFICATIVOS				
Segundo idioma estranxeiro V: Francés				
Materia	Segundo idioma estranxeiro V: Francés			
Código	V01G180V01604			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Mayoralas García, Jose			
Profesorado	Mayoralas García, Jose			
Correo-e	josemg@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O alumnado repasará e exercitará as destrezas gramaticais e as competencias lingüísticas e de comprensión adquiridas previamente (Francés I, II, III, IV). A finalidade desta materia é que o alumnado consiga unha verdadeira performancia que lle permita profundizar e interrelacionar sintaxe e semántica: forma e sentido propio e figurado. Por iso é absolutamente necesario que posúa un perfecto coñecemento normativo do francés estándar falado e escrito. Só a partir del, poderá logo captar teórica e practicamente os matices e as suxestións pragmáticas, estiilísticas, retóricas, culturais, etc. do texto nas súas múltiples manifestacións pragmático-discursivas. O recurso á análise, comentarios pragmátiico-discursivos, paráfrases e resumos de moi diversos textos da actualidade cultural, política e económica francófona, etc. permitirá alcanzar os devanditos obxetivos.			

Competencias de titulación	
Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado

B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística da segunda lingua estranxeira coma un sistema e dos seus mecanismos e formas de expresión	A1	B4
Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos	A5 A12	B5
Sentar as bases e desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical.	A1 A3	
Mostrar un coñecemento medio-alto da segunda lingua coma lingua estranxeira o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de civilización	A8	B4
Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o segundo idioma estranxeiro e alleos	A7 A11	B2

Contidos

Tema	
Thème I: La fonction déictique	I.1: La valeur de l'article déterminé en espagnol et son non recouvrement en français
Thème II: Revision morphosyntaxique et stylistique de l'adjectif	II.I Particularités concernant l'adjectif relationnel en français
Thème III: Syntagmes figés et locutions adverbiales	III.1Le participe passé en espagnol/galicien correspondant en français le symtagme prépositionnel 'en +mom (mulleres enlutadas =/= femmes en deuil)
Thème IV: Les lacunes d'ordre lexical: verbes, adverbes, noms, etc.	IV.1L'explicitation des éléments sous-entendus (noms, verbes, pronoms, etc)
Thème V: La dérivation (préfixes et suffixes)	V.1: Différentes valeurs de la dérivation et de la suffixation
Thème VI: La métasémie: Les changements de sens	VI. Changements de sens par antonymie, hyperonymie, homonymie, polysémie, paronymie, etc.
Thème VII: Les régistres de langue: oral/écrit	VII.1: Le parler "branché": la tchatche, etc.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	40	60
Presentacións/exposicións	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	40	60
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	6	6	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Explicación de contidos lingüísticos e culturais da lingua francesa nos seus aspectos teóricos e técnicos para a realización dos conseguintes exercicios, probas e traballos cara ao futuro desenvolvemento do saber facer o do saber estar do alumnado
Presentacións/exposicións	Exposición de temas e traballos. Presentación indivual ou en grupo(s) na aula.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Traballos discutidos e supervisados polo profesor na aula

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	1.- Resolución de problemas e/ou exercicios 2.- Análises de situacións. 3.- Complementariedade do traballo na aula. 4.- Titorías en grupo.
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.- Resolución de problemas e/ou exercicios 2.- Análises de situacións. 3.- Complementariedade do traballo na aula. 4.- Titorías en grupo.
Probas	**Descrición**
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1.- Resolución de problemas e/ou exercicios 2.- Análises de situacións. 3.- Complementariedade do traballo na aula. 4.- Titorías en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exposición e corrección por parte do alumnado, ante o docente e os seus compañeiros de clase, de frases normativas e resumos de texto franceses de actualidade.	10
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizaranse 3 probas escritas, sempre o último día ou na última clase de cada mes, probas que contarán un 30% cada unha da nota final do control continuo. Como a avaliación será un continuo repaso e sistematización dos coñecementos previamente adquiridos ao longo dos cursos anteriores e do cuadrimestre, a cualificación será progresiva. É dicir, un alumno que teña, por exemplo, 3, 4 e 5 ao longo das tres probas, acadará no resultado final, un aprobado: 5. Non aprobará se o proceso se produce á inversa: 6, 5, 4. Neste caso, a nota final será de 'suspenso'	90

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na primeira edición de actas a avaliación será continua e constará das probas indicadas máis arriba. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un mínimo do 80% das aulas.

Se algunha alumna/o non se pode acoller á avaliación continua por motivos xustificados, deberá comunicarllo ao profesorado argumentadamente ao comezo do cuadrimestre. Nese caso, poderá ser avaliada/o ao final do cuadrimestre mediante unha proba sintético-recapitulativa dos contidos globais do programa desenvolvido durante todo o cuadrimestre (100% da cualificación final). Este exame terá lugar ao final do cuadrimestre. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente.

Na segunda edición de actas (xullo) a avaliación levarase a cabo igualmente mediante unha proba sintético-recapitulativa dos contidos globais do programa desenvolvido durante o cuadrimestre (100% da cualificación final). Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

A. BELOT,, **L espagnol mode d emploi, Pratiques linguistiques et traduction**, Perpignan, Editions du Castillet,,

ARRIVE, M.; GADET, F.; GALMICHE, M., **La grammaire d'aujourd'hui. Guide alphabétique de linguistique française,**, París: Flammarion,

Delatour & Jennepin, **Nouvelle grammaire du français**, Paris. Hachette,

J. Laurent, **Le français en cage**, Le livrre de poche,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés/V01G180V01106
Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01205
Segundo idioma estranxeiro III: Francés/V01G180V01304
Segundo idioma estranxeiro IV: Francés/V01G180V01404